

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xullo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTOR ACCTAL: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de xullo de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro, e coa asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XUÑO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xuño de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, reitera unha petición xa formulada sobre a causa do non aboamento de diferentes facturas a profesionais que participaron na exposición “In tempore sueborum”, xa que teñen recibido queixas neste sentido. Engade que quere reiterar esta petición que non foi contestada no seu momento.

O **presidente da comisión** responde que toma nota da petición, indicando que se contestará no prazo máis breve posible.

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, pregunta que ten pensado facer o Grupo de Goberno da Deputación ao respecto do concurso de provisión de postos de traballo recentemente declarado nulo por unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O **presidente da comisión** indica que de dita sentenza xa se deu conta na Mesa Xeral de Negociación da Deputación e que nestes días se está a analizar as distintas posibilidades, engadindo que se os servizos xurídicos da Deputación o considera pertinente recorrerase a dita sentenza ante a instancia correspondente.

Sobre esta cuestión **D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, pregunta se dentro destes postos de traballo estaban incluídos os dos diferentes grupos políticos.

O **presidente da comisión** contesta que non, xa que se trata dun concurso de provisión de postos por promoción interna.

Novamente intervén **D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista**, para pedir que se lle facilite ao seu grupo cales son as datas, información ou a motivación que leva á Deputación a decidir en que lugares da provincia van ter lugar os concertos de Carlos Núñez. Engade que este tipo de iniciativas lle parecen ben e nada ten que reprochar sobre os sitios escollidos, pero indica que existen outros, polo menos igual de emblemáticos que os anunciados, e que existen certas comarcas nas que hai máis dun concerto e outras, como a súa, nas que non se prevé ningún. Solicita que a dita información lle sexa remitida o máis pronto posible.

O **presidente da comisión** toma nota da petición e indica que se responderá por escrito.

D. Adolfo González Novoa, do Grupo Socialista, pregunta cal é o grao de incumprimento da implantación da administración electrónica e cantos concellos están adheridos ao programa provincial desta Deputación.

O presidente da comisión contesta que esta información foi remitida tras unha pregunta formulada pola deputada socialista D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, pero que en todo caso se le volverá a remitir.

E, ás 17:10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.